



## CONCELLERÍA DE FORMACIÓN CONVOCATORIA ABERTA PARA ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE FORMACIÓN

**Acción formativa: Autoemprego** (analizar e desenvolver unha idea profesional para o propio emprego)

**Destinatarios/as:** desempregados/as empadroados/as en Narón, maiores de 18 anos. O requisito do empadramento será verificado o último día do prazo de presentación de solicitudes e o da idade terá que cumprirse no primeiro día do curso.

**Lugar de presentación de solicitudes:** Rexistro Xeral do Concello de Narón, de 8:30 a 13:30 horas.

**Formulario de solicitudes:** Dispoñible no Rexistro Xeral e na Sede Electrónica do Concello de Narón.

**Prazo de solicitudes:** Desde o 16 de abril ás 8:30 horas ata o 27 de abril de 2018, ás 13:30 horas.

**Selección do alumnado:** Por rigurosa orde de inscrición. Se lles comunicará telefonicamente a súa admisión como alumno/a cunha antelación mínima de 3 días antes do inicio de cada curso, sempre que cumpran os requisitos de acceso, sen prexízo da notificación na forma elixida na solicitude.

Ademais, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello o listado de persoas admitidas, suplentes e excluídas.

**Reservaranse tres prazas de derivación polo Servizo Sociocomunitario.** De non cubrirse estas prazas, quedarían vacantes para ser cubertas a través das solicitudes rexistradas por orde de inscrición.

**Documentación a presentar**, no caso de ser admitido/a: fotocopia da tarxeta de demandante de emprego e NIF (ou similar), no prazo de tres días dende a comunicación da admisión.

**O alumnado seleccionado terá que comprometerse a cumprir as normas dos cursos.**

O concello resérvase a posibilidade de anular estas accións formativas no caso de que non se cubra o 70% da participación prevista.

Para máis información, contactar coas seguintes persoas do Servizo Sociocomunitario:

**Angel Alvarez: 981 337 700, ext. 2602**

**Angela Lagoa: 981 337 700, ext. 1123**

**Margarita Fresnillo: 981 337 700, ext. 1120**

**Montse Garel: 981 337 700, ext. 1107**

**E na sección de *servizos, formación e actividades municipais* da páxina web do Concello**

## Ámbito interprofesional de innovación e emprendemento

Código	Título	Lugar	Núm. alumnos/as	Horas	Horarios e datas previstas
005	Autoemprego	Centro municipal de formación (A Gándara)	15	100	Datas: do 2 ao 31 de maio. Horario: de 9:00 a 14:00 horas. De Luns a Venres